

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A ENTIDADE RÍAS BAIXAS DE COMUNICACIÓN, SA, EDITORA DO XORNAL "ATLÁNTICO", PARA ELABORAR E PUBLICAR INFORMACIÓN RELACIONADA CON ESTRATEXIAS, PROGRAMAS E/OU INICIATIVAS DA CONSELLERÍA QUE RESULTEN DE INTERESE PARA A CIDADANÍA**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria, que actúa no exercicio das competencias que ten atribuídas pola Orde do 4 de novembro de 2024 (DOG núm. 217, do 11 de novembro de 2024) sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Economía e Industria formalizou coa Rías Baixas de Comunicación, SA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 13 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a entidade Rías Baixas de Comunicación, SA para elaborar e publicar e publicar tres reportaxes ou entrevistas relacionadas coa industria, o desenvolvemento enerxético, a dinamización empresarial ou aquelas materia vencelladas coa consellería.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentouse no seguinte:

Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de información á cidadanía e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas e desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con





respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por iso acadan unha específica resonancia social.

A Consellería de Economía e Industria considera de interese para a sociedade galega no seu conxunto potenciar a información e o coñecemento da situación actual da industria, do desenvolvemento enerxético ou a dinamización empresarial entre outras na comunidade autónoma tanto pola incidencia que ten para o futuro económico do país como para a vida cotiá dos cidadáns.

Por outra banda, a Rías Baixas de Comunicación, SA realiza unha labor de información e comunicación na área de influencia que abrangue a súa distribución das actuacións da administración autonómica, en xeral, e da Consellería de Economía e Industria, en particular, por considerar de importancia a difusión, entre os seus lectores, de aspectos relacionados coas materias da competencia dela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, considerouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral técnico

